

**Acta núm. 21/2024.  
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local  
do 17 de decembro de 2024.**

**ASISTENTES:**  
Pablo Lago Sanmartín.  
Sandy Marie Cebral Gómez  
María Rosa Romero Fariña.  
José Antonio Vidal González.  
Carlos Noya Pereira.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 17 de decembro de 2024, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 20/2024, DO 03/12/2024.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) COMUNICACIÓNS PREVIAS PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 5º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 6º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 7º) PRÓRROGA LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 8º) ROGOS E PREGUNTAS.

**PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 20/2024, DO 03/12/2024.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 03.12.2024, acta núm. 20/2024.

**SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.**

**a)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA JOSÉ BASANTE MARTELO, na que comunica que vai construír un galpón de 46,75 m<sup>2</sup> (8,5 m x 5,50 m), para gardar apeiros de labranza, nunha parcela sita no lugar de Gosende s/n. – Os Ánxeles. O galpón consonte co proxecto técnico asinado polo arquitecto Roberto García Rey en data 30.09.2024, executarase con fábrica de bloque de formigón, revestido e pintado en cor branca e afastado 16,34 m. do eixo da vía pública. A cuberta resolveuse con tella cerámica curva apoiada sobre fibrocemento e correas de formigón pretensado. A altura da construción é de 2,50 metros (aleiro).

A parcela (referencia catastral 5832511NH2453S0001WM) onde se pretenden executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural da zona leste en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-1), e atopase dentro da zona de policía do rego de Sanín.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 04.12.2024 (clave DH.W15.104671), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarase ás condicións impostas na autorización de Augas de Galicia de data 04.12.2024 (clave DH.W15.104671).
- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 100,46 euros.
- .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 165,03 euros.

**b)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por VICTOR MANUEL BOULLÓN GÓMEZ, na que comunica que vai realizar obras de reparación dun peche de parcela, sito no lugar de Vilar nº 11 – Viceso. As obras consisten en limpar e encintar a base de cachotería (un tramo de 8 m., catro a cada lado do portal) e substituír a malla existente por outra malla metálica, mantendo as características iniciais do peche; base de cachotería de 50 cms. de altura, coroado por unha malla metálica de 1,30 cms, para unha altura total do peche de 1,80 metros.

A parcela (referencia catastral 1356603NH2415N0001HP) onde se pretenden executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona oeste (NRO-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 29,60 euros.
- .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 94,17 euros.

**c)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ, na que comunica que vai executar obras de reforma dos peches frontal da parcela, con fronte á beirarrúa, e lateral sobre a rampla de entrada ao garaxe da planta soto da vivenda sita en Lamiño 56 – Brión. As obras a executar consistentes en:

- Substituír o “topete de formigón” de coroación dos peches existentes de cachotería granítica, por outro de similares características en pedra de 6 cms. de espesor.
- Instalar sobre a liña de coroación dos peches dúas ringleiras ou bandas de aluminio, ata acadar a altura total de 1,80 metros.
- Substituír o portal de entrada existente por outro de similares características.

A parcela (referencia catastral 6259916NH2466S0001XO) onde se pretenden executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano polo PXOM, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 (UC2), e situase na aldea de Lamiño que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave BE6, e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovacións urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

O Sr. Concelleiro Vidal González abstense no debate e votación deste asunto ao manifestar que concorre nel causa de abstención do artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguintes condicións:

- O portal a substituír e os peches a ampliar non poderán sobrepasar a altura total de 1,80 metros.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 22,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 86,57 euros.

### **TERCEIRO .- LICENZAS DE OBRA MENOR.**

**a)** Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar emprazada no lugar Gundín nº 28 – Os Ánxeles, abrindo unha gabia de 8 metros de lonxitude sobre un vial municipal e dentro da zona de afección da estrada de titularidade autonómica AG-56, segundo o proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez con data 23.01.2024.

A vivenda obxecto de subministro (referencia catastral 5242604NH2454S0001UJ) emprázase sobre un ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación na zona leste (Ordenanza nº 8/NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña (expediente IF204A/AC/2024/0141) e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 196,12 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 20220000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 39,22 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total:103,79 euros.

**b)** Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar emprazada no lugar Sabaxáns nº 93 - Bastavales, abrindo unha gabia de 4 metros, afectando a estrada de titularidade autonómica AC-300 (Os Ánxeles- A Picaraña), no seu P.K. 3+390 m. (marxe esquerda) e á beirarrúa municipal adxacente á zona de dominio público da travesía da AC-300, segundo o proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez con data 28.08.2024.

A vivenda obxecto de subministro (referencia catastral 15013B503235970000MZ), emprázase sobre un ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña (expediente IF204A/AC/2024/1290), da conformidade ao proxecto da entidade Nedgia S.A., de data 16.09.2024 (expediente: N-STG-20240017), e do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 94,80 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 20220000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 37,92 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total:102,49 euros.

#### **CUARTO .- COMUNICACIÓNS PREVIAS PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Isolina González Dacal, que di actuar en representación de NOCECA SERVIS, S.L, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en Lamiño nº 57 – Brión.

Antecedentes:

1. En data 11 de maio de 2006 a Xunta de Goberno Local concede licenza á empresa BALDOMERO FARIÑA S.L. para a construción de sete (7) vivendas unifamiliares, no lugar de Lamiño, das que a presente vivenda se corresponde coa número 7 do proxecto presentado.

2. En data 3 de abril de 2007 a Xunta de Goberno Local autoriza o cambio de titularidade da mencionada licenza a favor de VIVENDAS PIÑEIRAL, S.L.U.
3. En data 20 de xaneiro de 2009 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza a VIVENDAS PIÑEIRAL, S.L.U., de reforma dunha vivenda unifamiliar (a n.º 7 da licenza outorgada o 11 de maio de 2006).
4. En data 1 de agosto de 2023 a Xunta de Goberno Local autoriza o cambio de titularidade da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de xaneiro de 2009, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, poñendo como titular da licenza de obra a NOCECA SERVIS SLU, con CIF: \*\*\*3287\*\*, que queda subrogado en todos os dereitos e obrigas derivados deste expediente.
5. En data de 28 de maio 2024 a Xunta de Goberno Local concede licenza de segundo modificado de licenza de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar en fase de execución sita no lugar de Lamiño nº 57, consonte co proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos Aurelio Outeiriño Fernández e Alberto De Paula Prieto e que conta con data de visado colexial de 18.08.2023, así como a documentación complementaria de data de visado de 11.10.2023 e posterior documentación aclaratoria (memoria urbanística completa) de data de visado de 08.05.2024.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, e do certificado final de dirección de obra asinado polos arquitectos Aurelio Outeiriño Fernández e Alberto De Paula Prieto en data 05.08.2024, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 24.09.2024, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-. Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.

**b)** Deuse conta dunha instancia presentada por María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de LUIS GUTIÉRREZ MOLINA, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en Vilas 36 – Bastavales.

Con data 25.05.2021 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a LUIS GUTIÉRREZ MOLINA e ANA MARÍA CORUJO MARTÍNEZ, para construír unha vivenda unifamiliar en Vilas 36, Bastavales, segundo o proxecto de execución asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 29.04.2021( expte núm.2102382).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso con data 25.09.2024, visado polo Colexio Oficial correspondente con data 28.10.2024, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-. Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.

## **QUINTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.**

**a)** Deuse conta dunha instancia presentada por Fernando Martínez López, que di actuar en representación de JOSÉ CASALDOEIRO ABEIJÓN, na que solicita licenza de segregación dunha parcela sita en Ardións – A Luaña, segundo o proxecto técnico redactado polo arquitecto Fernando Martínez López, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 28.11.2024 (expte. 2405284).

### **Descrición da parcela de orixe:**

Referencia catastral núm. 8541611NH1484S0001UJ.  
Superficie segundo medición recente: 4.965,41 m<sup>2</sup>.

#### **Lindes:**

Noreste: camiño público.

Noroeste: camiño público.

Sureste: 15013B50700660000MO.

Suroeste: 8541610NH1484S0001ZJ e 15013B507006780000MZ.

Clasificación: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 do PXOM (NRO-2).

### **Segregación pretendida:**

#### **Parcela 1.**

Superficie neta: 1.523,409 m<sup>2</sup>.

#### **Lindes:**

Noreste: camiño público.

Noroeste: camiño público.

Sureste: Parcela 2 e 15013B507006780000MZ.

Suroeste: 8541610NH1484S0001ZJ e 15013B507006780000MZ.

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 do PXOM (NRO-2).

#### **Parcela 2.**

Superficie neta: 1.088,149 m<sup>2</sup>.

#### **Lindes:**

Noreste: camiño público.

Noroeste: Parcela 1.

Sureste: Parcela 3.

Suroeste: 15013B507006780000MZ.

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 do PXOM (NRO-2).

#### **Parcela 3.**

Superficie neta: 1.076,937 m<sup>2</sup>.

#### **Lindes:**

Noreste: camiño público.

Noroeste: Parcela 2.

Sureste: Parcela 4.

Suroeste: 15013B507006780000MZ.

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 do PXOM (NRO-2).

#### **Parcela 4.**

Superficie neta: 1.116,562 m<sup>2</sup>.

Lindes:

Noreste: camiño público.

Noroeste: Parcela 3.

Sureste: 15013B507006660000MO.

Suroeste: 15013B507006780000MZ.

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación ordenanza nº9 do PXOM (NRO-2).

#### **Parcela 5 (cesión a viais).**

Superficie: 160,353 m<sup>2</sup>.

Lindes:

Noreste: camiño público.

Noroeste: camiño público.

Sureste: Parcelas 1,2,3 e 4.

Suroeste: Parcela 1.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión dos terreos de 160,353 m<sup>2</sup>, ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-.Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 322,85 euros.

Total: 322,85 euros.

#### **SEXTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARCOS GARCÍA VÁZQUEZ, solicitando licenza para a construción dun almacén agrícola en Tembra – Boullón, segundo o proxecto de execución asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Marcos García Vázquez, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas con data 09.09.2024 (nº 20240648-1.M).

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 15013B501102420000MY) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo rústico, en aplicación do disposto pola Lei 2/2016, do solo de Galicia (D.T.1ª 2. b).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe sectorial favorable da Consellería do Medio Rural (Ref. 2024/2439610) e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarase estritamente ao proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Marcos García Vázquez, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas con data 09.09.2024 (nº 20240648-1.M).
- A obtención da licenza para a edificación non implica título habilitante para o peche, para o que deberá facer unha nova solicitude.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederáse á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa para o comezo da actividade, segundo a Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Farase constar no Rexistro da Propiedade que a totalidade da superficie da parcela catastral 15013B501102420000MY (3.846,00 m<sup>2</sup>), está vinculada á superficie do uso de Almacén agrícola, 212,30 m<sup>2</sup>; segundo o disposto no artigo 39.e) da Lei 2/2016, do solo de Galicia. A vinculación será nos seguintes termos:
  1. Superficie da parcela: 3.846,00 m<sup>2</sup>.
  2. Uso autorizado: Almacén agrícola.
  3. Superficie edificable: 212,30 m<sup>2</sup>.
  4. Vinculación total da superficie real da finca á nova construción autorizada.
  5. Indivisibilidade da parcela.
  6. Superficie máxima ocupada pola edificación en planta: 5,52 %.



2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:  
.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 711,88 euros.  
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 117,26 euros.  
Total: 829,14 euros.

**b)** Deuse conta dunha instancia presentada por José Antonio Hernando Ezquerra, que di actuar en representación de DAVID MANTEIGA SUÁREZ, solicitando licenza de obra para o cambio de uso de actividade dunha edificación sita en Trasouteiro – Brión, para destinala a uso industrial – taller de vehículos, previo ao inicio da actividade, segundo o proxecto técnico asinado polo enxeñeiro industrial José Luis de la Mata Mancebo, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña con data 17.10.2024 (expte. 197724).

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 5268903NH2456N0001KB) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM, e atopase dentro do ámbito de protección do "Pazo de Trasouteiro", integrado no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificado como BE-15, e en base ao artigo 44 da Lei 1/2019, de rehabilitación e de rexeneración e renovacións urbanas de Galicia, non precisa de autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal, por non afectar á envolvente exterior do edificio.

A edificación atópase en situación de fora de ordenación e as obras a executar son as mínimas necesarias para o novo uso (acabados, pintura e instalación de protección de incendios), sen afectar a estrutura e o volume.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- . A obra axustarase estritamente ao proxecto técnico asinado polo enxeñeiro industrial José Luis de la Mata Mancebo, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña con data 17.10.2024 (expte. 197724).
- . Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- . Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- . Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorsearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa para o comezo da actividade, segundo a Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, acompañando a seguinte documentación:

1. Documento acreditativo do final de obra.
2. Informe favorable da empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de auga potable e saneamento ( Espina & Delfín).
3. Certificado homologado da medición de rúidos.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 210,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 274,57 euros.

#### **SÉTIMO.- PRÓRROGA LICENZA DE OBRA MAIOR.**

**a)** Deuse conta dunha instancia presentada por JOSÉ SALVADOR MONSERRAT BARCO, na que solicita unha terceira prórroga do prazo para o inicio das obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Gándara 24 – San Salvador.

Antecedentes:

1. A Xunta de Goberno Local en data 04.07.2023 concedeu licenza de obras a Ana María González Manzanero e José Salvador Monserrat Barco, para construír unha vivenda unifamiliar en Gándara 24 – San Salvador, segundo o proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 09.06.2022 e documentación complementaria visada o 23.11.2022 e o 15.05.2023.

2. Con data de 28.11.2023 a Xunta de Goberno Local concede prórroga de 6 meses para o inicio das obras, contados desde o día seguinte ao da notificación do acordo.

3. Con data de 25.06.2024 a Xunta de Goberno Local concede unha segunda prórroga de 6 meses para o inicio das obras, contados desde o día seguinte ao da notificación do acordo.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder unha prórroga de 6 meses, contados desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, para o inicio das obras.

#### **OITAVO.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se produciu ningunha.



Praza do Concello, 1  
15865 - Brión

981 887 006  
concello@concellodebrion.gal  
[www.concellodebrion.gal](http://www.concellodebrion.gal)

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,25 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

O secretario

Javier Nieves González